

5

A crise do Antigo Réxime e a revolución liberal

CONTIDOS

- 1 A crise da monarquía e a guerra da independencia
- 2 As Cortes de Cádiz
- 3 O sexenio absolutista (1814-1820)
- 4 O trienio liberal (1820-1823)
- 5 A década «ominosa» (1823-1833)
- 6 A independencia das colonias americanas
- 7 A crise do Antigo Réxime en Galicia

PARA COMEZAR

- Fíxate no cadro de Goya, que representa esta escena? Que personaxes observas nela?
- Observa o mapa. Que zonas se viron afectadas por este ciclo revolucionario?
- Analiza a liña do tempo e explica cal foi a actitude de Fernando VII respecto da lexislación liberal.



Guerra da independencia e revolución (1808-1814)



Sexenio absolutista (1814-1820)



Trienio liberal (1820-1823)

1808 >

1814 >

1820 >

1807
Tratado de Fontainebleau entre Francia e España / Tropas francesas en España

1808
Motín de Aranjuez / Abdicación de Carlos IV / Fernando VII, rei / Levantamento de Madrid contra os franceses / Abdicacións de Bayonne / Xosé I, rei de España / Napoleón entra en España

1810
A Xunta Central convoca Cortes en Cádiz / A rexencia substitúe a Xunta Central / Comeza a emancipación en América

1812
Publicada a primeira constitución española («La Pepa») / As tropas de Wellington en Madrid
1813
As Cortes abolen a Inquisición / Xosé I abandona España

1814
As Cortes reanudan sesións en Madrid / Decreto de Fernando VII para restaurar o absolutismo / Primeiro pronunciamento contra o rei

1820
Pronunciamento de Riego / Fernando VII xura a Constitución de 1812 / Abólese o Santo Oficio de forma definitiva / Fórmase a Milicia Nacional



FONTE: G. Barraclough (edit.), *The Times Atlas of World History*, 1979

En 1808, a entrada en España das tropas napoleónicas e o alzamento contra elas supuxeron a irrupción das clases medias e populares na política. Comezaba a Idade Contemporánea de España.

As palabras *nación*, *patria*, *liberalismo*, *guerrilla*... expresaron o entusiasmo por un novo marco político. Á guerra, finalizada en 1814, seguiu a restauración do absolutismo, que quixo borrar a obra lexislativa das Cortes de Cádiz. Non obstante, sucedéronse os intentos de restaurar pola forza a Constitución de 1812. O de Riego triunfou en 1820 e deu paso ao trienio liberal, en que o liberalismo se dividiu entre moderado e exaltado.

En 1823, un exército francés permitiu a Fernando VII restaurar o absolutismo. Á represión, ao exilio e ao atraso económico e cultural, sumouse o problema da sucesión do rei, que deu lugar ao nacemento dun movemento ultraconservador: o carlismo.

RECOMENDÁMOSCHE

► Literatura

- *O xeneral no seu labirinto*, Gabriel García Márquez.
- *O himno de Riego*, José Esteban.

► Cine

- *Os fantasmas de Goya*, de Milos Forman, 2006.
- *Bruc. O desafío*, de Daniel Benmaior, 2010.

► Internet

- www.artehistoria.com/v2/contextos/6889.htm



Década «ominosa»



1823 >

> 1833

1822

Golpe de Estado fracasado / Partidas absolutistas en Cataluña e Provincias Vascas

1823

Luis XVIII de Francia anuncia a intervención en España / O goberno, co rei, marcha a Cádiz / Invasión dos Cen Mil Fillos de San Luís / Fernando VII restablece o seu poder absoluto / Execución de Riego

1824

Reformas da Facenda por López Ballesteros / Derrota de Ayacucho / Fin das guerras de independencia en América

1827

Revolta dos agraviados ou *malcontents* en Cataluña

1829

Fernando VII casa con María Cristina

1830

Promulgada a Pragmática Sanción de 1789 / Nace a futura Isabel II

1831

Mariana Pineda, executada en Granada / Torrijos e os seus compañeiros, fusilados en Málaga

1832

Sucesos de La Granja / Primeira amnistía aos liberais exiliados

1833

Xura de Isabel como herdeira do trono / Morre Fernando VII / Comeza a primeira guerra carlista



**Manuel Godoy
(1767-1851)**

Entrou a servir
aos vinte anos como
garda de corps.

Secretario de Estado
desde 1792, negociou a paz con Francia,
polo que obtivo o título de príncipe da Paz
(1795). Achegouse á Francia do Directorio,
o que enfrontou a España co Reino Unido.
Foi relevado do ministerio en 1798.

En 1800 volveu con amplos poderes.
Vinculado aos intereses de Francia, asinou
en 1807 o Tratado de Fontainebleau,
polo que el mesmo obtiña un reino
no Algarve portugués. O motín de Aranjuez
acabou coa súa carreira política. Retirouse
a Italia cos reis e despois a París. Foi
rehabilitado por Isabel II en 1847, pero
morreu en 1851, sen volver a España.

1 A crise da monarquía e a guerra da independencia

Os sucesos de Aranjuez en marzo de 1808, a invasión napoleónica e o levantamento popular do 2 de maio en Madrid supuxeron o inicio dun proceso histórico cunhas consecuencias que definiron o modelo político e social da España do século XIX. O ano 1808 inauguraba, pois, a nosa Historia Contemporánea.

1.1. A crise da monarquía de Carlos IV

Nos primeiros anos do século XIX a monarquía de Carlos IV estaba moi desprestixiada. As razóns residían nunha crise do sistema de goberno, do que as figuras máis destacadas eran entón o rei, a súa esposa, María Luísa de Parma, e, sobre todo, o favorito, Manuel Godoy, quen desde 1802 acumulara un gran poder. A forte oposición materializouse nun anhelos de rexeneración no estilo de gobernar «as cousas de España», que se expresou en dúas correntes contrarias, unha nun sentido conservador, a outra de signo liberal.

A **desamortización*** ordenada por Godoy en 1798 para facer fronte á crise financeira xerada polas guerras con Francia e o Reino Unido puxera a mal a Igrexa co valido. Os bens de obras pías foron vendidos en poxa pública en 1808. Non obstante, o déficit da Facenda agravouse polas guerras e por un sistema fiscal pouco eficaz.

Outro motivo de descontento era a subordinación da política exterior española ás necesidades da Francia de Napoleón. Unha das consecuencias máis graves desta submisión foi a derrota na batalla de Trafalgar (1805), onde foi destruída gran parte da armada española. Un novo acordo con Francia, o Tratado de Fontainebleau (1807), permitiu a entrada de tropas francesas para ocupar o reino de Portugal e dividilo en tres provincias, unha das cales sería para Godoy.

Esta política errática levantou a oposición dun chamado «partido antigodoyista», tamén coñecido como aristocrático ou fernandino. Estaba integrado por nobres e clérigos favorables ao príncipe Fernando, fillo de Carlos IV. O partido fernandino preparou unha conspiración contra o rei. O chamado proceso do Escorial (1807) mostrou as miserias da monarquía española, pois o mesmo Fernando pediu perdón por conspirar contra o seu propio pai e rei.

O segundo acto desta crise sucedeu entre o 17 e o 19 de marzo de 1808, cando o motín de Aranjuez provocou a destitución de Godoy e a abdicación de Carlos IV no seu fillo Fernando. Aínda que o motín de Aranjuez ofreceu unha aparencia de protesta popular, a alta nobreza do partido fernandino estivo implicada nel.

A caída de Godoy e de Carlos IV agravou a crise da monarquía. As tropas napoleónicas, xa en España grazas ao Tratado de Fontainebleau, eran mal vistas polos españois. O ataque a Portugal percibíase como unha escusa francesa para ocupar toda a Península.

Á vez, Napoleón interveu nos asuntos da familia real española e convocouna na cidade francesa de Bayonne. Obedecendo a esta chamada, Fernando VII, o seu pai e Godoy chegaron alí entre o 20 e o 30 de abril de 1808. Outros membros da familia real debían saír de Madrid o 2 de maio.

***Carta outorgada:** Forma de constitución política en que o monarca «outorga» certos dereitos aos seus súbditos, sen que estes interveñan nesa concesión.

***Desamortización:** Proceso polo que as terras da Igrexa ou dos morgados da nobreza, que ata entón non podían venderse nin dividirse, pasaban ao mercado libre para a súa venda.



Doc. 1 O 2 de maio de 1808
en Madrid ou A loita cos mamelucos,
por Francisco de Goya.

O pobo rebélase.

- ▶ Que ocorreu en Madrid o 2 de maio de 1808? Que consecuencias tivo este acontecemento?
- ▶ Investiga en Internet e explica quen eran os mamelucos de Napoleón.

1.2. O levantamento contra os franceses

Ese día, o 2 de maio de 1808, ante a saída dos últimos representantes da familia real, o pobo de Madrid alzouse contra as tropas francesas presentes na cidade. O exército francés, ao mando do xeneral Murat ▶ (Doc. 2) e formado por 30.000 homes, reprimiu duramente o levantamento popular, cun saldo de centos de mortos. O pintor Goya plasmou a crueldade destes feitos en dúas grandiosas obras realizadas en 1814: *A loita cos mamelucos* ▶ (Doc. 1) e *Os fusilamentos do 3 de maio* ▶ (Doc. 25).

Mentres tanto, en Bayonne, Napoleón obrigara a Carlos IV e a Fernando VII a renunciar ao trono e cederllo a el, para entregarllo ao seu irmán Xosé Bonaparte, Xosé I de España. As abdicacións de Bayonne evidenciaron as verdadeiras intencións do emperador.

A insurrección estendeuse a moitas localidades de España conforme chegaba a noticia dos sucesos de Madrid. Nelas publicáronse bandos contra o invasor e formáronse xuntas para organizar o goberno e a defensa. As palabras *nación*, *patria*, *rei* e *relixión* serán frecuentes nos bandos e proclamas das xuntas.

Aínda que se insistiu na **orixe popular** destes movementos, unha parte notable de **cargos do Antigo Réxime** integraron xuntas ou dirixiron e organizaron a defensa fronte ao exército invasor. Estas xuntas naceron sobre todo nas cidades: Sevilla, Valencia, Zaragoza, Oviedo, A Coruña, etc.

O levantamento, popular e espontáneo, sorprendeu o exército francés, que non puido ocupar cidades como Xirona, Zaragoza e Valencia, e os seus **sítios** (xuño 1808) foron exemplo de heroísmo e resistencia fronte ao invasor.

1.3. O estatuto de Bayonne e o goberno francés

Os franceses intentaron instaurar pola forza en España un sistema de goberno baseado nos principios do liberalismo político, aínda que cun marcado carácter autoritario e respectando certos aspectos das tradicións do país. Este sistema quedou plasmado no **estatuto de Bayonne**, un texto redactado por ilustrados españois, seguindo as directrices de Napoleón. En realidade era unha carta outorgada* porque non respondía a unha decisión popular, senón á imposición imperial.

Doc. 2 Proclama de Murat.

Orde do día:

Soldados: mal aconsellado, o pobo de Madrid levantouse e cometeu asasinatos; ben sei que os españois que merecen nome de tales lamentaron tan grandes desordes... Pero o sangue francés vertido clama vinganza.

Polo tanto mando o seguinte:

Art. I. Esta noite convocará o Xeneral Grouchy a comisión militar.

Art. II. Serán arcabuceados todos cantos durante a rebelión foron presos coas armas.

Art. III. A Xunta de Goberno vai mandar desarmar os veciños de Madrid. Todos os moradores da corte que, pasado o tempo prescrito para a execución desta resolución, anden con armas ou as conserven na súa casa sen licenza especial, serán arcabuceados.

Art. IV. Todo grupo que pase de oito persoas considerárase reunión de sediciosos, e dispersárase con fusís.

Art. V. Toda vila ou aldea onde sexa asasinado un francés será incendiada. [...]

Art. VII. Os autores de libelos impresos ou manuscritos que provoquen a sedición, os que os distribúsen ou vendesen serán considerados axentes de Inglaterra, e como tales serán pasados polas armas.

Dado no noso cuartel xeral de Madrid,
o 2 de maio de 1808

- ▶ Que consecuencias tivo esta orde de Murat?



Xosé Bonaparte (1768-1844)

Irmán máis vello de Napoleón, naceu en Córsega en 1768. Foi deputado durante o Directorio, embaixador e, tras a proclamación do Imperio, primeiro príncipe; rei de Nápoles en 1806 e, desde 1808, rei de España co nome de Xosé I. A súa acción de goberno en España viuse condicionada pola influencia do seu irmán, o emperador.

Regresou a Francia en xuño de 1813, obtivo o título de lugartenente xeneral do Imperio ata a caída de Napoleón ao ano seguinte. Viviu primeiro en Estados Unidos, despois no Reino Unido e, por último, en Italia, onde faleceu en 1844. Os seus restos mortais repousan xunto aos de Napoleón na igrexa do palacio dos Inválidos de París.

Admirador do sistema de goberno estadounidense, algúns autores chamárono «o rei republicano».

O texto, **na liña da tradición española**, comezaba invocando a Deus e remarcando que España era un país católico. Todos os poderes estaban concentrados no rei, aínda que había tres órganos consultivos: o Senado, o Consello de Estado e as Cortes. Pero o grande avance respecto do absolutismo e o Antigo Réxime era que incluía unha limitada **declaración de dereitos e algunhas reformas de carácter liberal**: liberdade de imprenta, liberdade de comercio e o *habeas corpus**.

O rei Xosé I chegou a Madrid en 1808 co encargo de poñer en marcha todo este proxecto. En realidade, a súa subordinación a Napoleón era absoluta, ata tal punto que no estatuto de Bayonne se especificaba que, se morría sen descendencia, o trono revertería no emperador.

A personalidade do rei afastábase moito da imaxe que deu del a propaganda patriótica; era unha persoa intelixente e preparada, que foi moi consciente da súa escasa popularidade e da limitación do seu poder. Intentou gobernar co apoio de ilustrados españois, acusados despois de infidentes*, e poñer en marcha un plan de modernización do país. Non obstante, todas as súas iniciativas estaban sometidas ás necesidades de Napoleón e o rei **carecía de autonomía no goberno**.

1.4. O desenvolvemento da guerra

A ocupación de España non foi tan rápida como cría Napoleón. ► (Doc. 3) A vitoria española na **batalla de Bailén** (19 de xullo de 1808), admirada en toda Europa, obrigou ao rei Xosé I a abandonar Madrid e as tropas francesas retiráronse ao norte da Península.

Napoleón tivo que reformular a que chamou «a maldita guerra de España» e el mesmo, ao mando dun exército de 150.000 homes, entrou en Madrid o 2 de decembro de 1808. ► (Doc. 4) O rei Xosé I regresou tamén á capital. Durante a súa estancia en España (de novembro 1808 a xaneiro 1809), o emperador francés levou a cabo reformas de corte revolucionario polas que suprimiu a Inquisición, o réxime señorial e os conventos.

Mentres, un **exército inglés, ao mando do xeneral Wellesley (duque de Wellington), desembarcou na Península** para axudar aos portugueses en agosto de 1808. O exército español colaborou con Wellington.

A vitoria francesa en Ocaña en outubro de 1809 e o avance cara ao sur **permitiron a Napoleón ocupar case toda España**, quedando libres só Cádiz e o leste peninsular. No período de 1810-1812 as tropas napoleónicas alcanzaron o máximo control sobre terreo español: en xaneiro de 1812 caera o reino de Valencia, excepto a cidade de Alacant, que, como Cádiz, quedou libre durante toda a guerra. Nesa etapa chegou a haber 360.000 soldados franceses en territorio español.

En 1812, os efectos adversos da **campana de Rusia**, comandada polo propio Napoleón, obrigaron o emperador a retirar tropas de España para centrarse noutras zonas de Europa. O debilitamento das tropas francesas na Península foi amplamente aproveitado polas tropas angloespañolas de Wellington.

Tras as **batallas de Ciudad Rodrigo e Los Arapiles** (Salamanca, xullo de 1812), en que Wellington derrotou os franceses, as Cortes españolas nomearon o inglés comandante en xefe dos exércitos españois, que actuaron desde entón completamente baixo o seu mando.

O avance das tropas angloespañolas obrigou a Xosé I e os franceses a abandonar Madrid e dirixirse a Valencia, onde permaneceu o goberno xosefino durante varios meses.

***Habeas corpus:** Dereito dun detido a comparecer perante un tribunal sen dilación para que este determine a legalidade do seu arresto.

***Infidente:** Persoa que comete infidencia, ou violación da confianza de alguén. Chamouse así aos afrancesados.



Doc. 3 Desenvolvemento da guerra da independencia.

- ▶ En que zonas tiveron unha maior actuación as guerrillas?
- ▶ Cando foron expulsados definitivamente os franceses?


A guerra inclinou-se desde entón cara ao lado angloespañol. A derrota francesa en **Vitoria** (xuño de 1813) precipitou o abandono de España de Xosé I; en xullo saía de Valencia e en outubro unha nova batalla triunfal para as tropas de Wellington en **San Marcial** (agosto de 1813) obrigou o exército xosefino a cruzar a fronteira hispanofrancesa.

Napoleón, ao bordo da derrota en Europa, asinou con Fernando VII o **Tratado de Valençay** en decembro, polo que finalizaban as hostilidades en España, e Fernando VII era reposto no trono. Coa sinatura deste tratado dábase por concluída a guerra da independencia ou «guerra do francés».

1.5. Patriotas e afrancesados

A evolución política da España ocupada xerou un proceso revolucionario e un enfrontamento entre afrancesados e patriotas, e dentro destes últimos, entre liberais e absolutistas, o cal se viu reflectido nos debates das Cortes reunidas en Cádiz desde setembro de 1810. **O proceso revolucionario que viviu o país de forma paralela á guerra tivo tres centros de acción: a guerrilla, as xuntas e as Cortes.**

- A **guerrilla** foi o instrumento que canalizou a loita da xente do común contra o invasor. Este fenómeno de resistencia popular, embrión do novo exército, xurdiu de forma espontánea e axiña foi regulado pola Xunta Central. No momento de maior actividade (1811-1812) chegou a haber 16 grandes partidas guerrilleiras e outras de menor entidade, cun total duns 55.000 homes, fronte aos 70.000 soldados do exército regular. A base social destas guerrillas era campesiña e algunhas partidas caeron no bandoleirismo.



Doc. 4 Napoleón ante Madrid o 3 de decembro de 1808, por Carle Vernet.

Os representantes da Xunta de Defensa de Madrid réndense ante o emperador.

- ▶ Observa a escena e explica a posición de cada un dos personaxes representados no cadro.



As Xuntas de Defensa

Sen rei e sen goberno tras a toma do poder polos franceses, os resistentes optaron por acudir a institucións antigas ou outras de nova creación. Así xurdiron as xuntas supremas, que foron a plasmación da vontade da nación fronte ao exército invasor, fundamento do principio de soberanía nacional.

As xuntas estiveron integradas por representantes da autoridade anterior (bispo, capitán xeneral...) e figuras cun prestixio baseado no valor mostrado ante a ocupación. Houbo nelas militares, clérigos, xornalistas, escritores ou avogados, aínda que a presidencia adoitaba ocupala un representante da vella orde. Esa diversidade víase en todas as xuntas e incluso na Xunta Central, presidida por antigos ministros da monarquía, como Jovellanos e o conde de Floridablanca, xunto aos valedores da nova situación, como o escritor Manuel José Quintana.

A pesar da presenza de altas personalidades do Antigo Réxime, a iniciativa case sempre estivo do lado dos sectores máis avanzados, partidarios das reformas políticas e sociais, que se preocuparon de establecer medidas de signo liberal á vez que organizaban a defensa do reino.

Doc. 5 Reunión da Xunta de Defensa de Manresa (2 de xuño de 1808), por F. Cuixart (copista).

- ▶ Observa os personaxes. quen compoñía as xuntas?
- ▶ Por que cres que a iniciativa das xuntas case sempre estivo do lado dos reformistas?

- As xuntas formáronse en moitas localidades ante o baleiro de poder producido pola invasión. Estas xuntas locais deron lugar ás provinciais e estas, á súa vez, promoveron a **Xunta Central**, formada en setembro de 1808. ▶ (Doc. 5)
- Por último, **a revolución adoptou forma xurídica coa convocatoria de Cortes pola Xunta Central**. Os que defendían as reformas optaron por unhas Cortes xerais, **elixidas por sufraxio universal masculino indirecto** e en que a representación fose a da nación, e non por estamentos (nobreza, clero e xente do común), coma no Antigo Réxime. Esta forma de convocatoria triunfou e abriu a porta aos grandes cambios que impulsaron as Cortes de Cádiz.

Durante a ocupación francesa, o pobo español adoptou **dúas actitudes ante o exército invasor e a nova dinastía de Xosé I Bonaparte** imposta por Napoleón: patriotas e afrancesados.

Os **patriotas** eran **defensores da monarquía borbónica** e contrarios á nova dinastía imposta por Napoleón. Pero entre eles tamén xurdiron **dúas posturas**:

- Uns viron na **invasión** a **oportunidade para iniciar a reforma** da monarquía. Os partidarios da reforma adoptaron **o liberalismo** como ideario e foron defensores dos cambios emprendidos polas xuntas e polas Cortes.
- Outros «patriotas» eran **absolutistas**, valedores da vella orde, e vían na **invasión** francesa a **xustificación para manter o sistema anterior sen reformas nin aventuras revolucionarias**.

O **bando afrancesado** tamén era heteroxéneo. Houbo os que se comprometeron coa nova dinastía de Xosé I e colaboraron con ela en cargos e honores e os que adoptaron unha actitude ambigua ou interesada, derivada da necesidade de manter o seu status social. Existiu afrancesamento cultural, político ou comprometido e de conveniencia. A obra máis destacada deste grupo foi o **estatuto de Bayonne de 1808**. Contra eles desatouse desde 1814 unha dura persecución, acusados de infidentes ou traidores.

ACTIVIDADES

1. **Define:** guerrilla, nación, afrancesado, patriota, Xuntas de Defensa, soberanía nacional.
2. **Explica** as causas que conduciron á crise do reinado de Carlos IV.
3. **Compara** as ideas de patriotas e afrancesados fronte á invasión napoleónica.
4. **Analiza** o papel da guerrilla na guerra da independencia.
5. **Identifica** as diferenzas de ideas no bando patriota.
6. **Investiga** o papel do Reino Unido na guerra e por que a chamaron «guerra peninsular».

2 As Cortes de Cádiz

A revolución, que se iniciou case ao mesmo tempo ca a guerra, prevía unha convocatoria de **Cortes «xerais e extraordinarias»**, por iniciativa da Xunta Central, aínda que a levou a cabo a **rexencia**, que substituíu a Xunta Central en xaneiro de 1810. As Cortes reuníronse en Cádiz, por ser fácil de defender e estar libre da ocupación francesa.

2.1. Composición e funcionamento das Cortes

A elección dos deputados bateu con grandes dificultades, pola ocupación militar e pola presenza de deputados procedentes de América. Entre os deputados existían, coma no resto da sociedade, varias sensibilidades:

- Un grupo pretendía non modificar nada do sistema político absolutista.
- Outro grupo, entre os que destacaba o ilustrado Jovellanos, pretendía un réxime intermedio entre o vello absolutismo e o modelo constitucional baseado na soberanía da nación.
- Os liberais propoñían unha cámara única que asumise a soberanía nacional e elaborase unha constitución que debía recoller as novidades achegadas pola revolución francesa.

Esta última posición triunfou porque moitos deputados non puideron acudir á convocatoria e foron substituídos por outros presentes en Cádiz, que era un importante centro comercial e unha das cidades onde os liberais tiñan grande influencia. ► (Doc. 6)

A **composición social** dos deputados que actuaron en Cádiz mostraba a complexa situación daquela sociedade. Xunto a **membros** dos antigos estamentos (nobres, dignidades eclesiásticas...) onde o **clero** tiña un papel destacado, houbo representantes das **clases medias urbanas**, de **servidores do Estado** (militares, maxistrados e funcionarios) e das **profesións liberais** ou da actividade mercantil. ► (Doc. 7)

A **burguesía*** non foi a única clase social protagonista da revolución liberal. Parte do **clero** e da **nobreza** apoiárona, aínda que a maioría destes grupos estaban do lado absolutista. Exemplo disto é que un industrial catalán, Salvador Vinyals, apoiou a reacción, mentres que un aristócrata como o conde de Toreno optou polo liberalismo. **Moitas das reformas foron inspiradas por clérigos liberais** (Muñoz Torrero, Espiga, Villanueva ou Martínez Marina). **Os funcionarios** viron nas Cortes a **oportunidade para reformar a desacreditada monarquía**, e os militares tiveron un papel relevante que se mantivo durante case todo o século XIX.

En Cádiz, a sensación de cidade asediada chea de refuxiados, cunha activa vida social en cafés, prazas, xornais e na propia Cámara, alentou os deputados, que viron no seu labor lexislativo unha ocasión para sacar a España do atraso e da ineficacia. Nese ambiente naceron a **prensa política e a opinión pública**, grazas ao **decreto de liberdade de imprenta** que as Cortes aprobaron o **10 de novembro de 1810**.

Axiña apareceron nos debates **dúas grandes faccións** ou «partidos» chamados **servil ou absolutista** e **liberal**. O número de deputados durante eses anos foi de 300. Estiveron presentes 104 no momento da inauguración, 184 cando se aprobou a constitución e 223 no momento da clausura. **Expulsados os franceses, as novas Cortes ordinarias trasladáronse a Madrid en xaneiro de 1814**.

Doc. 6 A soberanía nacional.

Os deputados que compoñen este Congreso, e que representan a Nación, decláranse lexitimamente constituídos en Cortes Xerais [...].

As Cortes [...] proclaman e xuran de novo polo seu único e lexitimo Rei ao Señor D. Fernando VII de Borbón; e declaran nula, de ningún valor nin efecto a cesión da coroa que se di feita en favor de Napoleón [...].

Non convindo que queden reunidos o poder lexislativo, o executivo e o xudicial, decláran as Cortes xerais e extraordinarias que reservan para si o exercicio do poder lexislativo en toda a súa extensión. [...]

O Consello de Rexencia recoñecerá a soberanía nacional das Cortes e xurará obediencia ás leis e decretos que delas emanaren [...].

Decreto I das Cortes de Cádiz,
24 de setembro de 1810

- Por que este decreto supoñía un cambio revolucionario?

***Burguesía:** Clase social formada por comerciantes, profesionais, cargos da administración e propietarios. A súa aparición en España foi tardía e con escasa mentalidade modernizadora.

Orixe	N.º de deputados
Eclesiásticos	89
Funcionarios	67
Avogados	47
Militares	42
Profesores/Catedráticos	16
Nobres	15
Comerciantes/Industriais	12
Facendados	6
Outros	6
Total	300

FONTE: Q. Casals, *A representación parlamentaria en España durante o primeiro liberalismo*, 2014

Doc. 7 Composición social das Cortes extraordinarias (1810-1813).

- Que grupos compoñían as Cortes?

Doc. 8

O discurso preliminar do proxecto de constitución.

A ignorancia, o erro e a malicia levantarán a voz en contra deste proxecto. Cualificarano de innovador, de perigoso, de contrario aos intereses da nación e dereitos do rei. Mais os seus imposítores argumentos esvaeceranse ao ver demostrado que as bases deste proxecto foron, para os nosos maiores, verdades prácticas, axiomas recoñecidos e santificados polo costume de moitos séculos, por espazo dos cales a nación elixía os seus reis, outorgaba libremente contribucións, sancionaba leis...

Cádiz, 24 de decembro de 1811.

A. ARGÜELLES, Discurso preliminar á Constitución de 1812

- Con que argumentos defendeu Argüelles a Constitución de 1812?

***Mans mortas:** Bens da nobreza, dos concellos e da Igrexa que non podían venderse, de aí o seu nome.

ACTIVIDADES

7. **Define:** Cortes, burguesía, servil, liberal.
8. **Compara** as diversas tendencias nas Cortes.
9. **Analiza** o contido da Constitución de 1812.
10. **Explica** a importancia da lexislación gaditana.
11. **Identifica** as clases ou grupos sociais presentes nas Cortes.
12. **Investiga** a tarefa dun deputado galego presente en Cádiz en 1812.



2.2. O labor lexislativo das Cortes

A **obra lexislativa** das Cortes de Cádiz foi inxente e representou unha **ruptura radical** cos principios ata entón vixentes.

- O **primeiro decreto das Cortes, de 24 de setembro de 1810**, xa estableceu que a **soberanía residía na nación** e que as Cortes asumían esa representación. O rei deixaba de ser soberano e o corpo social da nación española emerxía como suxeito da soberanía, que depositaba nas Cortes, razón pola que se lle chamaba *Señor e Maxestade*.
- Así mesmo proclamouse a **igualdade ante a lei**, o que supoñía a fin da sociedade estamental, baseada na desigualdade xurídica. Tamén se estableceu a **igualdade entre españois e americanos** como resposta aos primeiros movementos independentistas nas colonias. Pero esa igualdade **non afectou a poboación indíxena e de raza negra** (gran parte escrava).
- Presentouse un **conxunto de reformas**: **liberdade de imprenta, abolición da tortura, supresión de vellos tributos, da Inquisición, dos señoríos xurisdiccionais e dos antigos consellos**. E implantouse a **desamortización de bens do clero**, unha **nova división provincial**, a **creación das deputacións provinciais**, unha **reforma da Facenda e a liberdade de comercio e industria**.

2.3. A Constitución de 1812

O 23 de decembro de 1810 creábase a comisión encargada de elaborar un proxecto de constitución. Este proceso estivo precedido dun intenso debate sobre o modelo de constitución e o de monarquía. Tras ano e medio de discusión, **promulgouse o 19 de marzo de 1812**, por coincidir co cuarto ano do reinado de Fernando VII. A nova constitución coñeceuse popularmente como «La Pepa» por ser aquel día a festa de San Xosé. ► (Doc. 8)

Os deputados quixeron unir a tradición española co novo espírito revolucionario. Os **principios** da constitución foron os seguintes:

- Afirmación da **soberanía nacional**: o poder residía na nación.
- Recoñecemento dos **dereitos e liberdades individuais** e da **igualdade ante a lei**.
- **División de poderes**: o poder lexislativo correspondía ás Cortes, de cámara única; o poder executivo quedaba en mans do rei e do goberno por el designado, e o poder xudicial era independente.
- A **relixión católica** era a única da nación española.
- Elección dos representantes nas Cortes por **sufraxio universal masculino**. Os candidatos a deputado debían ter rendas propias.
- Creación da **Milicia Nacional**, corpo de civís armados para a defensa do sistema constitucional.
- **Monarquía moderada**: en que o rei promulgaba as leis e tiña dereito de veto transitorio.
- **Liberdade económica** coa supresión dos gremios, abolición dos señoríos, liberdade de cercado de terras para poñer fin ao predominio gandeiro da Mesta, liberdade de industria e de contratación, desamortización das propiedades de mans mortas*, etc.

A constitución **apenas puido aplicarse** debido ao contexto de **guerra**. A **restauración absolutista de 1814** abolíuna. Pero o **seu espírito e o seu programa foron unha referencia durante a maior parte do século XIX**. E converteuse nun mito para o liberalismo universal e un **modelo para as revolucións liberais**.

3 O sexenio absolutista (1814-1820)

Tras o Tratado de Valençay (decembro de 1813), Fernando VII regresou a España, pero non aceptou o tratado nin as reformas lexislativas de Cádiz. A partir de maio de 1814 produciuse un **contexto internacional favorable ao absolutismo**, pois Napoleón fora derrotado e a Santa Alianza unía a case todas as monarquías europeas contra calquera brote liberal.

3.1. A restauración do absolutismo

Fernando VII desembarcou en Valencia (Doc. 9) en abril de 1814, coincidindo coa publicación do **Manifesto dos Persas***, asinado por 69 deputados absolutistas. O **decreto de Valencia, de 4 de maio de 1814**, (Doc. 10) supuxo un **golpe de Estado***: restaurou o poder absoluto do monarca e aboliu toda a lexislación das Cortes de Cádiz «coma se non pasasen xamais tales actos». Tratábase de borrar calquera recordo daquela etapa, ademais da depuración e persecución dos que participaron na obra revolucionaria.

A política aplicada por Fernando VII consistiu nunha idea obsesiva, a **volta ao pasado**: restauráronse a Inquisición, os antigos consellos, a Mesta, os gremios, o réxime señorial, as institucións feudais, estableceuse a devolución dos bens desamortizados, etc.

A **represión** significou o cárcere, o desterro ou a pena de morte para os líderes da revolución liberal. Perseguíuse con máis saña aínda aos liberais que loitaron na guerra pola volta de Fernando VII ca aos afrancesados que apoiaron a Xosé I. Resultado diso foi o **primeiro exilio da España contemporánea**, que afectou a afrancesados e a liberais. Os seus destinos foron o Reino Unido e Francia, desde onde promoveron continuas conspiracións para establecer un sistema constitucional.



**Fernando VII
(1784-1833)**

Rei de España desde 1808. Pouco atendido polos seus pais, acabou sendo unha persoa

desconfiada, apática e resentida. A nai da súa primeira esposa describiuno en 1802 como «de horrible aspecto, unha voz que dá medo e parvo completo». Manexado polo seu titor, o cóengo Escoiquiz, proxectou esas carencias na súa acción política en momentos decisivos da historia de España. Casado en catro ocasións, só tivo descendencia da súa última esposa, a súa sobriña María Cristina de Borbón, da que naceu en 1830 a futura Isabel II.

***Golpe de Estado:** Acción dirixida a cambiar a dirección política dun país mediante un acto de forza.

***Manifesto dos Persas:** Escrito público de apoio ao absolutismo que recibiu este nome porque comezaba coa frase: «Señor, era costume dos antigos persas...».



Doc. 9 *Entrada triunfal de Fernando VII en Valencia, por Miguel Parra, 1815.*

► Describe a escena.

Doc. 10 O decreto de Valencia.

Despois de oír o que me informaron persoas respectables polo seu celo e coñecementos [...], a repugnancia e desgusto con que así a *Constitución* formada nas *Cortes xerais e extraordinarias*, como os demais establecementos políticos de novo introducidos son mirados nas provincias os prexuízos e males que viñeron deles, [...] declaro que o meu real ánimo é non soamente non xurar nin acceder a esa *Constitución* nin a decreto ningún das *Cortes xerais e extraordinarias*, e das *ordinarias* actualmente abertas, [...] senón declarar aquela *constitución* e tales *decretos* nulos e de ningún valor e efecto, agora nin en tempo ningún, coma se non pasasen xamais tales actos, e se quitasen do medio do tempo...

Gaceta extraordinaria de Madrid,
xoves 12 de maio de 1814

► Que medidas tomou Fernando VII unha vez restaurado no trono?

Data	Ingresos
1785-1790	783,14
1791-1797	1.114,28
1798-1807	1.439,06
1814-1819	658,00
1824-1833	751,74

FONTE: A. Carreras e X. Tafonell (coords.), *Estatísticas históricas de España*, 2005

Doc. 11 Ingresos do Estado español (1785-1833) en millóns de reais.

- Explica a variación nos ingresos da Facenda neste período.

Lugar	Protagonistas	Feitos e resultados
Pamplona	Espoz y Mina	Intento de entrar en España desde Francia para proclamar a constitución. Fracasado.
A Coruña	Juan Díaz Porlier	Conseguíu proclamar a constitución e estender a revolta a Ferrol. Detido e executado.
Madrid	Richart e Sociedade do Triángulo	Confusa conspiración masónica, que pretendía matar o rei. Detidos dous dos responsables e executados.
Barcelona	Luis Lacy	Promovida por sectores da burguesía industrial catalá afectada pola guerra colonial. Lacy, xulgado e executado en Palma de Mallorca.
Valencia	Joaquín Vidal	Apoiada polos irmáns Bertrán de Lis, comerciantes e destacados liberais. Vidal executado xunto a outros trece conxurados.
Cádiz	Enrique O'Donnell	«Sorpresa do Palmar»: conspiración liberal en Andalucía, fracasada pola traición de O'Donnell. Varios axustizados.
Francia	Plan Beitia	Pretendía unha nova constitución máis moderada. Fracasada.
Las Cabezas de San Juan (Sevilla)	Rafael del Riego	Sublevación do Exército da Illa, que marchaba a América. O 7 de marzo triunfou o pronunciamiento.

Doc. 12 Pronunciamentos e sublevacións durante o sexenio absolutista.

- Que sectores protagonizaron estes alzamentos?

3.2. Os ineficaces gobernos de Fernando VII

España debía enfrontar unha **guerra aberta pola independencia nas colonias americanas**, mentres a **Facenda real** estaba **na ruína** e o peso do país na escena internacional era moi precario. Os **continuos** e caprichosos **cambios de goberno** provocaron unha **grande inestabilidade**, pois cada ministro permanecía unha media de seis meses no seu cargo. A política estivo marcada pola **camarilla** que rodeaba o rei, home voluble que se deixaba influír por este grupo, onde había verdadeiros buscavidas. Un episodio representativo do desgoberno foi a compra de once barcos rusos en 1817 para loitar na guerra colonial americana que, tras sete meses de abandono en Cádiz, quedaron inservibles.

Ao mal goberno sumouse a **creba da Facenda**. Restaurouse o vello sistema fiscal derogando a contribución única establecida en 1812, pero a ruína da Facenda real **obligou** pronto **a adoptar medidas liberais**. ► (Doc. 11)

A elevada débeda da Facenda (1.500 millóns de reais en 1817) **debíase especialmente á guerra en América**, que xeraba un elevado gasto e eliminou o comercio colonial e os ingresos deste. O ministro **Martín de Garay intentou** remediar esta situación en 1817 establecendo **un sistema fiscal de contribución única e proporcional aos ingresos**. Pero **a oposición da nobreza, do clero e das ordes militares fixo fracasar o proxecto**.

A monarquía absoluta encontrábase nunha calella sen saída. A crise económica provocada pola guerra en América debilitaba os gobernos de Fernando VII, pero para resolvela cumpría reformar a Facenda real, ao que se negaban os grupos en que se apoiaba o absolutismo.

3.3. Pronunciamentos e conspiracións

A represión iniciada en maio de 1814 non detivo a acción dos liberais, moitos no exilio. Iniciouse así unha longa **serie de pronunciamentos* militares que caracterizaron todo o século XIX** español. **Entre 1814 e 1820** houbo **ata oito**, aínda que só o de xaneiro de 1820 tivo éxito. ► (Doc. 12)

Os liberais carecían de apoio popular, polo que para chegar ao poder necesitaban os militares. A conexión dos grupos civís e os militares descontentos traducíuse en sucesivos pronunciamentos: Espoz y Mina (1814), Díaz Porlier (1815), Richart (1816), Lacy (1817), Vidal, El Palmar, Plan Beitia (1819)... Todos fracasaron por seren faccións minoritarias do exército.

O **1 de xaneiro de 1820 sublevouse o exército acantado en Las Cabezas de San Juan (Sevilla)**, dirixido polo **tenente coronel Rafael del Riego**, que debía ir reprimir a insurrección americana. Ao principio, Riego non conseguiu apoios e parecía que o seu intento tamén ía fracasar, pero **a revolución estendeuse axiña por Andalucía e outras cidades españolas**, polo que **o 7 de marzo de 1820 Fernando VII tivo que xurar a Constitución de 1812**. Comezou así o trienio liberal ou constitucional.

ACTIVIDADES

- Define:** absolutismo, golpe de Estado, exilio, camarilla, pronunciamiento.
- Explica** as consecuencias do decreto do 4 de maio de 1814.
- Analiza** o papel da crise da Facenda real e os seus intentos de reforma.
- Investiga** a fondo un dos pronunciamentos sucedidos neste período.

4 O trienio liberal (1820-1823)

Tras o pronunciamento de Riego, Fernando VII xurou a Constitución de 1812, formou un goberno integrado por destacados liberais e iniciouse un labor lexislativo que recuperaba moitos decretos das Cortes de Cádiz.

4.1. A formación da cultura política liberal

O primeiro goberno liberal estivo formado por ilustres exiliados, como **Agustín Argüelles**, ministro de Gobernación, ou **José Canga Argüelles**, de Facenda. Estableceuse un **sistema de liberdades políticas**: liberdade dos presos políticos; **supresión definitiva da Inquisición**; reposición das autoridades constitucionais en concellos e deputacións; eleccións a Cortes; e a **creación da Milicia Nacional**, corpo de voluntarios para a defensa do sistema constitucional, un dos símbolos do liberalismo do século XIX.

Foi un período de **reformas políticas e económicas** baseadas nas normas das Cortes de Cádiz. Ese espírito encontrou dous vehículos de expresión:

- A **prensa**, con máis de 700 cabeceiras neses anos, foi o instrumento da pluralidade ideolóxica e da liberdade de expresión.
- As **sociedades patrióticas**, clubs abertos en que se debatían temas de actualidade política e social. Estiveron moi **vinculadas ás sociedades secretas** (masóns, comuneiros, carbonarios), que empezaron a ter importancia desde 1814 por participar nas conspiracións liberais.

A inxenua percepción da situación política dos liberais topou con **dous grandes inimigos**: a **situación internacional**, xa que predominaban en Europa as monarquías absolutas, e a actitude belixerante de **Fernando VII**, que **conspirou canto puido para derrubar o sistema constitucional**.

4.2. As divisións internas do liberalismo

Paralelamente, xurdía o **fenómeno xunteiro**. Este feito deu lugar á existencia dun **dobre poder**: o do **goberno**, baseado nun **liberalismo institucional**, e o das **xuntas**, que representaban un **liberalismo de base popular**. As diferenzas **dividiron o movemento liberal en dúas tendencias** (aínda non se pode falar de «partidos») que marcaron gran parte do século XIX:

- **Liberais moderados**, que desexaban un **compromiso coas antigas clases dominantes e co rei**, para que aceptasen as **reformas**. Defendían un **Senado aristocrático**, **maior poder do rei** e o **control da prensa**.
- **Liberais exaltados**, que querían **volver á Constitución de 1812** e propoñían **reformas radicais baseadas nun liberalismo «popular»**, que **en ocasións** chegou a ser **republicano**.

Os problemas entre moderados e exaltados prolongáronse ao longo do trienio, aínda que os moderados mantiveron o poder case todo este período.

4.3. Os moderados no goberno

No verán de 1820 os exaltados non aceptaron a decisión do **goberno moderado** de **disolver o «Exército da Illa»**, o do pronunciamento de Las Cabezas de San Juan. En outubro sumouse a **supresión das sociedades patrióticas**, ás que o goberno vía como unha ameaza revolucionaria, mentres que os exaltados as defendían.



Rafael del Riego (1784-1823)

Militar desde 1807, loitou contra o invasor na guerra da independencia, onde foi feito prisioneiro. Aquí forxou o seu liberalismo e ingresou na masonaría, ideas que puxo en práctica ao proclamar a constitución en 1820 en Las Cabezas de San Juan.

Membro de varias sociedades patrióticas e idealista entregado á causa da liberdade, converteuse nun heroe nacional para o liberalismo tras o triunfo do pronunciamento de 1820. Esa mesma xenerosidade levouno ao patíbulo cando Fernando VII restaurou o absolutismo, e foi executado na praza da Cebada de Madrid.

***Pronunciamento:** Levantamento dun sector do exército apoiado por grupos civís urbanos para cambiar a orde política.

Doc. 13 A actitude cambiante do rei.

En 1820

[...] Decidinme desde logo a abrazar o sistema apetecido, e a xurar a Constitución política da Monarquía, sancionada polas Cortes xerais e extraordinarias no ano de 1812. Entón recobraron, así a Coroa como a Nación, os seus dereitos lexítimos, sendo a miña resolución tanto máis espontánea e libre, canto máis conforme aos meus intereses e aos do Pobo Español [...].

Discurso de Fernando VII na apertura das Cortes (9 de xullo de 1820)

En 1823

A Europa enteira, coñecendo profundamente o meu cativoiro e o de toda a miña Real Familia, a mísera situación dos meus vasallos fieis e leais [...], determinaron poñer fin a un estado de cousas que era o escándalo universal [...].

Sentado xa outra vez no trono de San Fernando pola man sabia e xusta do Omnipotente, polas xenerosas resolucións dos meus poderosos Aliados [...] vin declarar o seguinte:

Primeiro: Son nulos e de ningún valor todos os actos do goberno chamado constitucional [...] que dominou os meus pobos desde o día 7 de marzo de 1820 ata hoxe, día 1.º de outubro de 1823, declarando, como declaro, que en toda esta época carecín de liberdade, obrigado a sancionar as leis e a expedir as ordes, decretos e regulamentos que contra a miña vontade [...].

Gaceta de Madrid, 7 de outubro de 1823

- ▶ En cal destes dos textos cres que é sincero o rei?
- ▶ Cal foi a actitude do rei durante o trienio liberal?

***Sufraxio censitario:** Sistema electoral en que só poden votar os que posúen como mínimo certa cantidade de bens ou perciben determinadas rendas.

Os moderados pretendían **reformular en sentido conservador a Constitución de 1812** coa introdución do **sufraxio censitario*** e a **creación dunha segunda cámara**. Estes intentos **fracasaron** porque os exaltados fixeron da defensa da Constitución o eixe da súa loita política.

De entre as medidas dos gobernos moderados destacou a **lei de supresión de ordes monacais e reforma de regulares**. Unha lei de outubro de 1820 suprimiu todos os conventos, medida de carácter exaltado á que o goberno se pregou pola presión popular. Outras reformas, como a **abolición dos gremios**, a **desamortización dos bens da Igrexa** e a **supresión das vinculacións e morgados da nobreza**, ían **dirixidas a dinamizar a economía, sanear a Facenda e eliminar o freo** que para a prosperidade supoñían as **institucións do Antigo Réxime**.

Os **gobernos** desta etapa estiveron inmersos nunha **crise constante**. Ás **conspiracións dos exaltados** sumáronse as **intrigas do rei** e a **acción da guerrilla realista**, que se levantou contra o goberno a comezos de 1821. A guerrilla foi importante en Árabá, Navarra, Cataluña, Aragón e zonas de Castela. Os **realistas explotaban o odio do clero e do campesiñado ás reformas liberais**, sobre todo nas Provincias Vascas e Navarra, onde os liberais **pretendían anular os vellos foros**.

A todo **iso sumábanse a guerra de independencia das colonias**, as **manobras internacionais da Santa Alianza** e a permanente **crise económica**.

4.4. Os exaltados no poder

O **intento de golpe de Estado da Garda Real** do 6 ao 7 de xullo **de 1822** cambiou o signo desta etapa. A conxura, fomentada polo rei e o seu ámbito, foi **descuberta e freada pola Milicia Nacional e o Concello de Madrid**, á fronte do cal estaba o rexedor e capitán Pablo Iglesias. A partir dese momento **formáronse gobernos exaltados** e aumentou a presión internacional sobre o réxime constitucional.

Nese contexto, a **Santa Alianza decidiu intervir** e **Francia enviou un exército, os Cen Mil Fillos de San Luís**, que **invadiu España en abril de 1823 e ocupou o país con apoio de tropas realistas españolas**. A resistencia foi escasa, ao contrario do que ocorreu en 1808.

En xuño, o goberno e as Cortes marcharon a Cádiz fuxindo do exército francés. Ante a negativa de Fernando VII a emprender a viaxe, foi declarado mentalmente incapacitado polas Cortes. Nesta cidade os liberais resistiron ata finais de setembro, cando decidiron liberar o monarca. **O 1 de outubro de 1823 Fernando VII restauraba o seu poder absoluto e ordenaba unha persecución implacable contra os liberais**. ▶ (Doc. 13)

ACTIVIDADES

17. **Define:** sociedade patriótica, exaltado, moderado, realista.
18. **Explica** as causas do golpe de Estado do 7 de xullo de 1822 e as súas consecuencias.
19. **Compara** as ideas dos liberais moderados e as dos exaltados.
20. **Analiza** o papel da Milicia Nacional na revolución liberal.
21. **Identifica** os factores que levaron ao fracaso do trienio.
22. **Investiga** o papel da prensa nesta etapa.

5 A década «ominosa» (1823-1833)

Poucos días antes de regresar a Madrid como rei absoluto, Fernando VII ordenou executar o xeneral Rafael del Riego, símbolo da revolución de 1820. Comezaba unha década considerada como un dos períodos máis negros da nosa historia.

5.1. Represión e exilio

Os primeiros anos foron dunha **acentuada represión política**, con xuízos de purificación do exército, aínda que a Santa Alianza fixo presión para suavizar a dureza inicial do monarca español.

Moitos liberais abandonaron España. ▶ (Doc. 14) En total **exiliáronse entre 15.000 e 20.000 persoas**, entre elas o máis selecto da clase media ilustrada e liberal: Alcalá Galiano, Argüelles, o conde de Toreno, Martínez de la Rosa, Mendizábal, Villanueva, Álava, Mina, o duque de Rivas, etc. **Case todos fuxiron ao Reino Unido, único país con monarquía constitucional. Tras a revolución de París en xullo de 1830, moitos trasladáronse a Francia.** Desde un e outro país **conspiraron para derrocar a Fernando VII.** ▶ (Doc. 17)

Os que non puideron fuxir foron perseguidos, encarcerados ou executados, como **Riego, Pablo Iglesias, Mariana Pineda e o xeneral Torrijos.** A distribución xeográfica dos detidos mostraba unha forte implantación liberal en Cataluña, Valencia, Murcia, Aragón, Sevilla, Cádiz e Madrid.

O **aparello represivo absolutista** articulouse con **catro instrumentos** básicos:

- A **Superintendencia Xeral de Policía** e das **comisións militares**, creadas en 1824, que se ocuparon da **depuración de funcionarios e militares**. Afectou a uns 80.000 funcionarios civís e case o 10 % do clero, moitos deles tamén exiliados.
- O **corpo de voluntarios realistas**, **creado en 1823, unha milicia absolutista oposta á Milicia Nacional liberal**. En 1824 integrábanos uns 70.000 membros, para chegar a 284.000 en 1832, **recrutados entre as clases populares e medias**. O odio social cara aos ricos, identificados cos liberais, foi a súa base ideolóxica.
- Os **tribunais de xustiza** condenaban por «delitos» como dicir «Viva a liberdade!» ou posuír símbolos liberais. ▶ (Doc. 15)

Doc. 14 Os exiliados en Londres.

Os emigrados españois empréganse ademais en varias industrias correspondentes aos coñecementos e disposicións de cada un: sendo de verdade digno de eloxio que homes que na súa patria desenvolvían empregos honrosos consuman os seus ocios en facer zapatos, en coser de xastres, en labrar folla de lata, en esculpir coa maior destreza en barro e recortar papel: en facer panos de seda, en dar leccións de español e francés, en curar con gran mestría os calos, etc.

[...] Deste modo procuran os ilustres proscritos suplir honradamente as súas necesidades á custa do seu honrado traballo, sustentándose nel e co socorro que a munificencia do goberno inglés e a filantropía británica lles dispensa.

Ocios de españois emigrados, 1825

- ▶ Por que tiñan que dedicarse a estas tarefas os exiliados?



Doc. 15 Mariana Pineda en capela, por Vera Calvo.

Mariana Pineda, unha rapaza viúva granadina, foi executada en 1831 por encargar o bordado nunha bandeira española das palabras «Liberdade, Igualdade, Lei».

- ▶ Por que cres que esta muller se converteu nun símbolo para o liberalismo?



Doc. 16 Fusilamento de Torrijos, por Antonio Gisbert. O xeneral Torrijos e 52 colaboradores chegaron en 1831 a Málaga para sublevar o pobo contra o rei, pero foron delatados, detidos e fusilados.

► Describe a escena e os personaxes.

Data	Lugar	Protagonistas	Feitos e resultados
1824	Almería	Pablo Iglesias, Manuel Bertrán de Lis	Desembarco en Almería dunha expedición desde Xibraltar, con 48 integrantes. Fracasada. Detidos. Iglesias executado.
1826	Guardamar	Irmáns Fernández Bazán	Un contínxente de sesenta homes armados desembarcou en Guardamar (Alacant). Detidos e executados.
1830	Pireneos	Milans del Bosch, Espoz y Mina	Un grupo de militares intenta cruzar os Pireneos por Navarra para proclamar a constitución. Detidos.
Xaneiro 1831	La Línea de la Concepción	Xeneral Torrijos	Desde Xibraltar apodérase por pouco tempo desta cidade. Fracasada.
Febreiro 1831	Málaga		Desembarco na costa malagueña. Fracasada.
Abril 1831	Madrid	Mayans, libreiro	Abortada en fase de preparación. Detidos e executados.
Maio 1831	Granada	Mariana Pineda	Descóbrese unha bandeira cos lemas da revolución. Detida e executada.
Xullo 1831	París	Flórez Estrada, Torrijos, etc.	Constitúese un comité directivo de exiliados españois para derrocar a Fernando VII.
Decembro 1831	Málaga	Xeneral Torrijos	Desembarco nas praias da cidade. Delatado, detido e executado xunto a 52 compañeiros o 11 de decembro.

Doc. 17 Conspiracións liberais durante a década absolutista.

► Con que frecuencia se sucederon os pronunciamentos liberais? De onde procedían moitos deles?

- As **Xuntas de Fe, herdeiras da Inquisición**, actuaron nalgúns dioceses como Valencia, Tarragona, Orihuela. A última vítima destas xuntas foi executada en Valencia en xullo de 1826. ► (Doc. 18)

A represión desatou tal clima de persecución nas persoas e nas conciencia (as universidades pecháronse en 1830) que a historiografía liberal denominou como «ominosa» ou abominable esta década.

5.2. As reformas dos gobernos absolutistas

O decreto de 1 de outubro de 1823 restableceu as institucións anteriores a 1820, aínda que algunhas non subsistiron, como a **Inquisición** (agora chamada Xuntas de Fe) ou o **Consello de Estado**, que desapareceu. Non se podía restaurar sen máis o Antigo Réxime, mesmo o **rei era consciente de que debía modernizarse**, aínda que a través dun despotismo anacrónico.

Á parte da represión, o labor dos gobernos centrouse na reforma da **Facenda e da administración**. A **perda das colonias** agravou aínda máis a **crise crónica da Facenda**. Fernando VII acudiu a novos empréstitos para cancelar a débeda anterior ou pagar os gastos. Era **imprescindible unha reforma fiscal**, que realizou **Luis López Ballesteros**, ministro de Facenda, o gobernante máis valioso da década, a través de varias **medidas**: a **reforma fiscal** de 1824, dirixida a recuperar vellos impostos, que acabou en **fracaso**; o **deseño dos primeiros orzamentos do Estado** da historia de España en 1828-1829; a **creación da Real Caixa de Amortización e do Tribunal de Contas**; a **redución da débeda pública**, pois a cuarta parte do orzamento ía en pago de xuros desa débeda; e o **plan da minaría**, mediante **alugamento a compañías estranxeiras**.

Ademais, leváronse a cabo grandes **cambios na administración do Estado**: **creación** do **Consello de Ministros (1823)**, promulgación do **código de comercio (1829)**, creación do **Banco de San Fernando (1829)**, antecedente do Banco de España, fundación da **Bolsa de comercio en Madrid (1831)** e creación do **Ministerio de Fomento (1832)**.



Doc. 18 Auto de Fe en Valencia en xullo de 1826. Cayetano Ripoll foi a última vítima da Inquisición. Mestre de Ruzafa (Valencia), foi executado por herexe e «non crer nos dogmas católicos».

► Identifica os personaxes e a súa indumentaria e explica o seu significado.

Data	Lugar	Protagonistas	Feitos e resultados
1824	Teruel	Joaquín Capapé, <i>el Royo</i>	Oficial aragonés, sublevado en Teruel, que intentou facer crer que o rei estaba prisioneiro dos franceses. Detido e procesado.
1824	A Mancha	Manuel Adame, <i>el Locho</i>	Conectada coa anterior. Oficiais descontentos, procedentes da guerrilla absolutista, querían proclamar rei a Carlos V. Delatados, detidos, sen formación de causa.
1824-25	A Mancha e outras zonas	Oficiais guerrilleiros realistas	Tumultos e intentos de proclamar a Carlos como rei, estendeuse a puntos do País Vasco, Navarra, Cataluña, Madrid, Murcia e Valencia (Orihuela).
1825	Madrid	Georges Bessières	Xeneral francés que se subleva con apoio de voluntarios realistas. Fusilado xunto aos oficiais que o apoiaron.
1827	Cataluña	Guerra dos <i>malcontents</i>	Gran levantamento carlista polo descontento e a crise económica. Visita real e represión con execucións e detencións. Antecedente directo da primeira guerra carlista.



Doc. 19 Conspiracións absolutistas contra Fernando VII.

- Quen protagonizou as conspiracións absolutistas? Que obxectivos tiñan?

Doc. 20 Represión da revolta dos *malcontents*. Foi esta unha revolta de carácter absolutista que reclamaba a substitución do rei polo seu irmán Carlos.

- Que fin perseguían os sublevados?

5.3. A crise do absolutismo e a cuestión sucesoria

Aínda que Fernando VII era todo menos moderado, **as reformas e a suavización do Antigo Réxime** estenderon a idea entre **os absolutistas** de que estaba en mans dos liberais. Os máis radicais **organizáronse arredor do irmán do rei, Carlos María Isidro.**

Froito deste clima foron as **insurreccións absolutistas**. ► (Doc. 19) A máis importante produciuse **en Cataluña en 1827, a guerra dos agraviados ou *malcontents***. Os rebeldes **reclamaban a sucesión de Carlos María Isidro, a restauración da Inquisición, a supresión da policía e o exterminio das sociedades secretas**. A revolta foi **reprimida con dureza**, pero Fernando non se atreveu a acusar o seu irmán de instigala. ► (Doc. 20)

O rei quería asegurar a sucesión, xa que non tiña descendencia. **Casado por cuarta vez en 1829 con María Cristina de Borbón, en maio de 1830 anunciábase o embarazo da raíña. Un mes antes publicárase a Pragmática Sanción de 1789 que derogaba a Lei Sálica*, o que permitía reinar ás mulleres.** En **outubro de 1830 nacía unha nena, a futura Isabel II.** Comezaba así a chamada **«cuestión sucesoria» e a aparición do carlismo.** Este nacemento **radicalizou a facción absolutista**, que apoiaba como sucesor a Carlos María Isidro.

Durante estes últimos anos de reinado, o perigo maior para Fernando VII veu da facción absolutista. No **verán de 1832 producíronse os sucesos de La Granja: durante unha crise de saúde do rei os absolutistas convencérono para derrogar a Pragmática Sanción, o que supoñía que a súa filla non podería reinar. Pero, tras recuperarse, o rei revogou esa decisión, formou un goberno máis moderado e nomeou herdeira a Isabel.**

Pero o carlismo crecía. En **maio de 1833 Carlos e a súa familia marchaban a Portugal nun exilio encuberto.** Mentres, **dúas amnistías* permitiron o regreso dos exiliados liberais.** O **clima de guerra civil anunciábase cando Fernando VII faleceu o 29 de setembro e Isabel II, con só dous anos, foi proclamada raíña.**

***Amnistía:** Palabra de orixe grega que significa «esquecemento». Con ela o goberno libera presos ou persoas acusadas de delitos.

***Lei Sálica:** Disposición pola que se prohibía de forma expresa que as mulleres herdasen o trono.

ACTIVIDADES

- 23. Define:** exiliado, agraviado, sociedades secretas.
- 24. Explica** as causas que conduciron ao exilio en 1823.
- 25. Analiza** as reformas levadas a cabo polos gobernos absolutistas e o seu resultado.
- 26. Compara** as ideas dos carlistas coas dos liberais.
- 27. Identifica** as causas do nacemento do carlismo.
- 28. Investiga** as institucións que levaron a cabo a represión durante a «década ominosa».



Simón Bolívar (1783-1830)

Nacido en Caracas, crioulo de orixe vasca, viaxou a España en 1790 e de novo en 1803, viaxe en que tamén estivo en París. Volveu a Venezuela en 1807 e, ante o baleiro de poder de 1808, comezou a loitar pola independencia. Como militar dirixiu as campañas máis importantes, xunto a San Martín e Sucre. En 1813 concedéuselle o título de Libertador e en 1819 proclamou a república de Colombia.

Tras a independencia, tratou de manter unha América unida, proxecto que acabou en fracaso. Morreu, só e desenganado, en 1830 en Santa Marta (Colombia).

***Crioulos:** Descendentes de españois nados en América. Pertencían ás clases media e alta da sociedade latinoamericana.

***Estancos:** Monopolios da Facenda real sobre o comercio do sal, da pólvora, do tabaco, da prata, etc., que xeraban elevados ingresos.

6 A independencia das colonias americanas

A loita pola independencia das colonias españolas en América deu comezo en 1810 en Caracas e en Buenos Aires, mentres que en España se desenvolvía a guerra contra a invasión francesa. O proceso prolongouse ata 1824, en que a vitoria do exército liberador en Ayacucho supuxo a independencia de case todas as colonias españolas. ► (Doc. 21)

6.1. Os factores da independencia

O Imperio español en América mantívose durante tres séculos con grande estabilidade e fortaleza. Non obstante, a **comezos do século XIX** unha serie de factores deu lugar ao **movemento independentista**:

- O **reformismo borbónico do século XVIII** incrementou o **control económico e administrativo** sobre as colonias americanas, e os **principais postos de goberno** concedíanse a **peninsulares**, deixando fóra aos crioulos*.
- A progresiva **liberalización do comercio peninsular con América** desde os **decretos de 1765 e 1778** beneficiou máis aos **comerciantes peninsulares** ca aos crioulos, sometidos aos intereses da metrópole.
- A **influencia da revolución americana**, iniciada en 1776, que supuxo o nacemento de Estados Unidos.
- A **revolución francesa de 1789**, pois as súas ideas inspiraron o pensamento emancipador. Tanto Bolívar coma Miranda, dous dos máis destacados próceres da independencia, coñeceron de preto este acontecemento.
- Os **intereses do Reino Unido**. Este país prefería países independentes en América cos que poder comerciar libremente.

6.2. O proceso emancipador

A **obsesión intervencionista e recadatoria** da monarquía en América, sobre todo nos **«estancos»*** ou monopolios oficiais, aumentou o **malestar coa metrópole**. O descontento **estalou coa invasión francesa de España en 1808**. No proceso de independencia das colonias houbo **dúas fases**:

- **De 1808 a 1815.** Coincide coa guerra de independencia na metrópole. En América creouse un baleiro legal similar ao de España. Tamén se formaron **xuntas leais a Fernando VII**, que ao principio non cuestionaron a administración española. Pero nelas **o elemento crioulo foi desprazando o peninsular**. En 1810, as xuntas de **Caracas, Buenos Aires e Santa Fe de Bogotá** proclamaron a súa **intención de separarse de España**, segundo o ideario das revolucións americana e francesa. A pesar das reformas das Cortes de Cádiz, con numerosos deputados americanos, a rebelión non se detivo. As **proclamas de 1810** contaxiaron outros territorios: Venezuela, Uruguai, Paraguai, Ecuador e América Central. **Venezuela** foi a **primeira en declarar a súa independencia en agosto de 1811**.

A volta de Fernando VII en 1814 pechou esta fase: as **expedicións españolas a Venezuela** e a decidida **actuación do vicerrei do Perú, Abascal**, lograron **restablecer o poder español**, **excepto** no vicerreinado do Río da Prata (**Arxentina e Uruguai**). ► (Doc. 22) En México foron os propios crioulos os que **fixeron fracasar a revolución campesiña de Hidalgo e Morelos por temor** ao seu **contido social** e ao seu **radicalismo agrario**.



Doc. 22 O Congreso de Tucumán de 1816, por Francisco Fortuny.
O Congreso de Tucumán foi unha asemblea lexislativa e constituínte das Provincias Unidas do Río da Prata. Reuniuse entre os anos 1816 e 1820, declarou a independencia de Arxentina e aprobou a súa constitución en 1819.

- ▶ Que Estados xurdiron tras o proceso de independencia? Conservou España algún territorio na zona?
- ▶ Por que foi tan importante o Congreso de Tucumán?

Doc. 21 Independencia do Imperio español.

■ De 1816 a 1824 a loita estivo máis organizada. Simón Bolívar e San Martín iniciaron unha serie de campañas que culminaron na Conferencia de Guayaquil, onde acordaron as súas áreas de influencia. José de San Martín, que servira nas tropas españolas e que en 1812 abrazou a causa independentista, atravesou a cordilleira andina e derrotou os exércitos realistas en Chacabuco e Maipú, o que deu lugar á independencia de Chile (1817). En 1820 avanzou ata Perú.

Bolívar tivo que chegar a un armisticio co xeneral español Morillo, tras o cal se aliou cos llaneros de Páez. Xuntos conseguiron vencer os españois en Carabobo e Ayacucho en 1824.

México conseguiu a independencia en 1821, da man dun xeneral conservador, Agustín de Iturbide, quen se coroou rei por pouco tempo.

6.3. Balance das independencias americanas

A monarquía de Fernando VII non deu freado un proceso que parecía inevitable. Dedicáronse a ese fin inxentes recursos financeiros, humanos e militares que deixaron exhausta a Facenda real e agravaron a tremenda crise do país. A independencia supuxo, ademais, a perda do imperio americano para España, a excepción de Cuba e Porto Rico.

A intención de Simón Bolívar era crear na zona que o seu exército liberou unha gran federación de Estados americanos: a Gran Colombia. Non obstante, as rivalidades internas e os intereses enfrontados fixeron fracasar este proxecto e o territorio dividiuse en tres repúblicas: Colombia, Venezuela e Ecuador. De igual xeito, no resto do territorio independizado creáronse os diversos Estados que forman actualmente Hispanoamérica; a maioría adoptaron a república como forma de goberno nas súas constitucións, inspiradas na de Cádiz.

Neles o poder político e económico quedou en mans da minoría crioula. O resto da poboación foi excluída do goberno. Os países acabados de crear mantiveron a dependencia económica. A submisión a España foi substituída polo control comercial que exerceron o Reino Unido e, en menor medida, Francia e Estados Unidos.

ACTIVIDADES

29. Explica as causas da emancipación americana.
30. Compara a primeira fase do proceso de independencia coa segunda e sinala os cambios.
31. Analiza o papel da poboación crioula no proceso emancipador.
32. Identifica as diferenzas entre o proxecto de Bolívar e o resultado da emancipación.
33. Investiga en Internet o papel dalgúns dos próceres ou liberadores nese proceso: Hidalgo, Miranda, Bolívar, Olaya, Belgrano...

7 A crise do Antigo Réxime en Galicia

En Galicia, coma no resto de España, asístese, durante o reinado de Fernando VII (1808-1833), ao enfrontamento entre **liberais**, adoito comerciantes, industriais e intelectuais progresistas que defendían un novo modelo social e unha nova estrutura económica, e **absolutistas**, polo xeral xente do clero e da nobreza que quería manter os privilexios de que gozaran durante o Antigo Réxime.

7.1. O levantamento contra os franceses en Galicia

Pouco despois do levantamento do 2 de maio contra os franceses protagonizado polo pobo de Madrid, sucedéronse diferentes manifestacións de rexeitamento nas principais vilas e cidades de Galicia, ao tempo que se constituía a **Xunta Superior do Reino de Galicia na Coruña**. Non obstante, malia ese rexeitamento inicial, **as tropas francesas entraron en Galicia, sen apenas resistencia, o 3 de xaneiro de 1809, e fixéronse co control do territorio tras a batalla de Elviña** (A Coruña, 16 de xaneiro de 1809) (Doc. 23), na que **o exército francés ao mando do xeneral Soult derrotou as tropas británicas** mandadas polo **xeneral Moore**, **que tras a batalla abandonaron Galicia**.

Logo da ocupación, xente de diversa procedencia **dirixida por curas e fidalgos organizouse en partidas guerrilleiras** espalladas por toda Galicia; daquela, **deu comezo unha guerra en que a «reconquista» de Vigo** (28 de marzo de 1809) e a **batalla de Ponte Sampaio** (7-9 de xuño de 1809) **foron feitos decisivos para a expulsión dos franceses** do territorio galego, circunstancia **que se produciu o 30 de xuño de 1809**. (Doc. 24) **A partir dese momento, a Xunta Superior do Reino de Galicia pasou a depender, en calidade de xunta auxiliar, da Junta Suprema de Sevilla, ao tempo que seguiu abastecendo con diñeiro, alimentos e homes o resto do territorio español que continuaba loitando contra as tropas napoleónicas.**

Paralelamente á loita contra os franceses, na sociedade galega, sobre todo entre os sectores máis acomodados, produciuse outra loita interna: a que enfrontaban o clero e a nobreza, que pretendían manter o mesmo réxime político que había antes da chegada dos franceses, coa burguesía, que defendía a instauración dun novo réxime político aproveitando a situación provocada pola ocupación francesa. Deste xeito, constituíronse os primeiros grupos políticos no seo da sociedade galega: o dos **absolutistas ou servís**, no que se **agrupaban a fidalguía e o clero, e o dos liberais**, integrado polos membros da **incipiente burguesía galega**; así mesmo, e aínda que durou pouco, **tamén se constituíu un grupo de afrancesados.**

Entre os liberais, apoiados economicamente pola burguesía asentada na Coruña e noutras vilas galegas, estaban algúns catedráticos da Universidade de Santiago de Compostela. Pola súa parte, os absolutistas contaron co apoio económico do arcebispo de Santiago.

Nese contexto de pugna política xurdiron en Galicia as **primeiras publicacións periódicas**, que serviron **para a difusión dos programas políticos de cada un dos bandos enfrontados**. (Doc. 25)

Nesa loita, **nas eleccións de 1810 e, sobre todo, nas de 1813, os absolutistas lograron impoñer os seus candidatos na Xunta do Reino, no Consello de Rexencia e nas Cortes de Cádiz.**



Doc. 23 Batalla de Elviña.

- Por que foi importante esta batalla?

Doc. 24 Poema contra os franceses.

«O pior do conto, mociños,
é que de Francea, o verdugo,
en vez de christianos, quere
facernos a todos turcos.»

«Por iso diz o meu cura
todos apreten os puños,
pola Patria e polo Rei.
E morrer por Dios, con gusto.»

- Estas coplas populares da época, Cres que as escribiu un galego liberal ou absolutista?



Doc. 25 Diario Constitucional da Coruña de 1820.


- De que bando político pensas que é este diario?

7.2. Galicia baixo Fernando VII: absolutistas e liberais

O retorno de Fernando VII abriu unha etapa de implacable represión dos liberais. Como consecuencia desa represión, moitos **liberais** que, polo que se deduce dos expedientes abertos nas causas exercidas na súa contra, eran comerciantes, avogados, empregados públicos, militares, médicos e universitarios, optaron entre **marchar ao exilio ou vivir na clandestinidade**, transitando en ocasións pola vía do **pronunciamento militar** como forma de acceder ao poder. O **primeiro** dos pronunciamentos, **encabezado por Díaz Porlier**, produciuse **o 19 de setembro de 1815 na Coruña**; **apoia-do pola burguesía local e polo exército** destacado nesa cidade, **fracasou** ao non obter o apoio das outras unidades militares destacadas en Galicia.

Durante o sexenio absolutista, **os realistas exerceron unha intensa actividade**, **animada desde a sé compostelá e apoiada polo clero, a nobreza e a fidalguía**, a prol da **recuperación das institucións do Antigo Réxime**. Con todo, malia a represión, os absolutistas **non deron detido o proceso conspiratorio** que, tras un intento frustrado en 1817, **conseguiu levar de novo ao poder os liberais no ano 1820**, o que foi **posible grazas ao pronunciamento do xeneral Acevedo na Coruña**, **seguido doutros** pronunciamentos en **Ferrol e Vigo** que garantiron o éxito do levantamento de Riego. ▶ (Doc. 26)

A restauración absolutista da década «cominosa» abriu de **novo** un **período de represión**, prohibíronse numerosos xornais e asociacións e empregáronse os **púlpitos e as balconadas das casas dos concellos** como medios privilexiados **para a propaganda absolutista**.



Doc. 26 Conspiradores galegos desembarcando na Coruña.

▶ Contra quen conspiraban?

7.3. Reformas na organización territorial de Galicia

No ano 1810, no tempo en que Xosé I reinaba en Madrid, proxectouse unha importante reforma administrativa que dividía o territorio galego en catro prefecturas: A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, pero non chegou a ter aplicación real aquí debido a que os franceses xa foran expulsados de Galicia.

A organización do Estado fora unha das cuestións que máis preocuparan os deputados constituíntes, polo que na **Constitución de 1812** estableceron as **directrices para unha profunda reforma administrativa e territorial**. Pero nos anos seguintes tan **só se chegou a aprobar unha división xudicial** que **dividía Galicia en 46 partidos xudiciais**, con cadanseu xuíz e xulgado; malia todo, esa división xudicial **non tivo repercusión práctica**.

A **división provincial** non **se aprobou ata o trienio liberal**, cando a reforma administrativa deixou **Galicia dividida en catro provincias**: A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, **primando o eixe liberal A Coruña-Vigo fronte ao máis conservador Santiago-Pontevedra**. Pero, poucos meses despois de entrar en vigor **esa reforma** no ano 1822, paralizouse debido ao retorno ao absolutismo, aínda que **serviu de base para a reforma de 1833**.

A terceira das grandes reformas administrativo-territoriais, a **reforma municipal**, correu unha sorte semellante ás outras dúas: en 1812 e 1820 **só se recoñeceu como entidade administrativa municipal ás cidades e vilas importantes**, que se constituíron como concellos constitucionais, mentres que o resto do territorio quedou á marxe da nova reorganización.

Tampouco se chegaron a **delimitar distritos electorais** dun xeito definitivo, polo que estes distritos variaron con cada unha das reformas: en 1810 e 1813 foron cada unha das sete provincias do antigo reino de Galicia; en 1820 e 1823, pola contra, considerouse Galicia como unha única circunscrición electoral.

ACTIVIDADES

- 34. Explica** os cambios que se deron na sociedade galega a raíz do levantamento contra os franceses.
- 35. Identifica** que cidades eran predominantemente liberais e cales máis conservadoras.
- 36. Analiza** as diferentes reformas territoriais da época.